


É posible participar nunha videoconferencia con **Cisco Webex** desde calquera dispositivo: ordenador, móbil ou tablet.


Poderá facelo desde o navegador (recoméndase Google Chrome) ou coa aplicación, a cal deberá descargar previamente.

### A) Conectarse desde o navegador:

1. Escriba ou pegue na barra do **navegador** a ligazón da sala na que se celebra o acto (ver exemplo na imaxe). Previamente, o órgano deberá comunicarlle os datos da sala.



2. Prema **"Cancelar"** e seleccione **"Únase desde el navegador"**.



3. Introduza o **nome** co que se vai identificar durante a videoconferencia. *Recomendación: Centros de maiores – nome da residencia. Sergas – nome do servizo e nome do hospital.*

Introduza o **endereço de correo electrónico** que empregue habitualmente.


Introduza os **caracteres da imaxe** e prema "Siguiente".




4. Compruebe que o audio e o vídeo estean activados. Para activar e desactivar prema enriba dos botóns "Silenciar" e "Detener vídeo".



5. Prema "Unise a la reunión"



6. Espere ata que lle permitan acceder á sala.




## B) Conectarse desde a aplicación:

1. Abra a aplicación no dispositivo desde o que se conecte. É preciso que a teña descargada. Pode facelo premendo na ligazón da sala Cisco Webex que lle enviou o órgano e seleccionando a opción "Descargar Webex Meetings".



2. Coa aplicación aberta, prema "Unirse a la reunión".




3. Introduza a **ligazón** da sala Cisco Webex que lle enviou o órgano Introduza o **nome** co que se vai identificar na videoconferencia.  
*Recomendación: Centros de maiores – nome da residencia.  
Sergas – nome do servizo e nome do hospital.*

Introduza tamén o **endereço de correo electrónico** que empregue habitualmente.  
Cando complete todos os campos, prema "Unirse"

4. Compruebe que o audio e o vídeo estean activados. Para activar e desactivar prema enriba dos botóns.



5. Prema "Unirse"



6. Espere ata que lle permitan acceder á sala. Para informar de que se atopa sala de espera, prema "Notificar al organizador".

